



Prego de Cláusulas Administrativas Xerais Campus Móbil

Traballo coordinado polo **Equipo TIC da Universidade da Coruña**

Coordinador responsable: **D. Víctor Carneiro**

Técnico responsable: **D. Antonio Ventura**

20/07/2015

V. 2015-04

Universidade de Vigo



	20/07/2015 V. 2015-04
Denominación: • Campus Móbil, Backend xenérico e aplicación de notificacións	
Unidade Responsable: ○ Órgano de Contratación do CIXUG	
Obxecto: • Este documento describe as funcionalidades propostas pola Universidade da Coruña, como unidade responsable do proxecto, ao módulo de Notificacións Móbil da Xestión Universitaria para o alumnado, PDI e PAS das Universidades que conforman o Sistema Universitario Galego.	
Lexislación de referencia: • Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público	



Índice

Cláusulas administrativas xerais	1
I. Condicións Xerais	1
1.- Obxecto do contrato e necesidades	1
2.- Definición do contrato	1
3.- Órgano de Contratación e Responsable do Contrato	1
4.- Procedemento de adxudicación, tramitación e lugar	2
5.- Prazo de execución e prórrogas	2
6.- Admisión de variantes e melloras	3
7.- Garantía provisional	3
8.- Garantía definitiva	3
9.- Gastos contrato, orzamento base licitación, e distribución anualidades	4
II. Selección do Contratista	5
10.- Capacidade do Contratista e prohibición de contratar	5
11.- Presentación de Propostas	6
III. Actuacións previas á adxudicación	14
12.- Criterios de adxudicación	14
13.- Mesa de Contratación	15
14.- Ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas	15
15.- Renuncia ou desistimento	16
IV. Adxudicación dos contratos e formalización	16
16.- Formalización do contrato	16
V. Execución do contrato	18
17.- Execución, modificación e revisión de prezos no contrato	18
VI. Resolución do contrato e penalidades	21
18.- Resolución do contrato	21
19.- Información confidencial facilitada ao contratista	22
VII. Réxime xurídico e recurso especial en materia de contratación	22
20.- Réxime xurídico	22
21.- Recurso especial en materia de contratación	22
VIII. Prerrogativas e xurisdición competente	23
22.- Prerrogativas	23
23.- Xurisdición competente	23
IX. Anexos	25
24.- Anexo I. Prego de Prescricións Técnicas	25
25.- Anexo II. Especificacións do Contrato	26
26.- Anexo III. Declaración responsable	27
27.- Anexo IV. Solicitude de participación	29
28.- Anexo V. Formato para presentar a oferta económica	30
29.- Anexo VI. Compromiso de adscrición de medios persoais e materiais	32

Cláusulas administrativas xerais

I. Condicións Xerais

1.- Obxecto do contrato e necesidades

A.- Obxecto do contrato

- 1.1.- O obxecto desta contratación é a prestación do servizo que se cita no apartado 1.1 do Prego de Cláusulas Adm. Xerais e coas especificacións técnicas que se describen no Anexo I (Prego de Prescricións Técnicas).
- 1.2.- Cando o servizo a prestar admita variantes, no apartado 4 do Prego de Cláusulas Adm. Xerais indicárase sobre que elementos e en que condicións se autoriza a súa presentación nas ofertas.
- 1.3.- Polo que se refire ás bases técnicas do contrato, a cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese polo CIXUG, rexerá o disposto no apartado 20 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.
- 1.4.- De acordo co establecido no artigo 2 do Real Decreto 331/2003, do 14 de marzo, polo que se derroga o Real Decreto 81/1996, do 26 de xaneiro, a clasificación de produtos por actividades (CPA-2002) segundo o Regulamento (CE) número 204/2002, do 19 de decembro de 2001, é a sinalada nos apartados 1.3 (Nomenclatura CPA) e 1.4 (Nomenclatura CPV) do Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

B.- Necesidades que satisfacer

- 1.5.- Indícanse no apartado 1.2 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

2.- Definición do contrato

- 2.6.- Esta contratación de natureza administrativa tipifícase como contrato de servizos conforme ao establecido no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- 2.7.- De esixirse clasificación, indicárase no apartado 14 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

3.- Órgano de Contratación e Responsable do Contrato

A.- Órgano de Contratación

- 3.8.- Conforme ao establecido nos artigos 22 e 23 dos vixentes estatutos do CIXUG, o presidente do Consorcio é o órgano de contratación e está facultado para

subscribir, no seu nome e representación, os contratos en que interveña.

3.9.- A contratación que celebre o CIXUG estará sometida á lexislación de contratos do sector público e deberase suxeitar aos procedementos de adxudicación nela regulados. Segundo se establece no artigo 16 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.10.- O presidente delega no xerente do CIXUG a tramitación, resolución e subscrición dos contratos menores, tal e como se definen no artigo 138.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

3.11.- O órgano de contratación ten a súa sede na Praza do Obradoiro s/n, Pazo de San Xerome, 15705, Santiago de Compostela.

B.- Responsable do Contrato

3.12.- De preverse a figura de responsable do contrato ao que fai referencia o artigo 52 do TRLCSP indicárase no apartado 19 do Prego de Cláusulas Adm. Xerais, asumindo a supervisión da súa execución e a adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúan. Con carácter xeral, o responsable do contrato cumprirá ademais coas funcións enunciadas nas cláusulas 14 e seguintes deste documento.

4.- Procedemento de adxudicación, tramitación e lugar

A.- Procedemento

4.13.- A tramitación do presente concurso farase polo **procedemento negociado**, ao abeiro do regulado nos artigos 169 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

B.- Tramitación

4.14.- A tramitación do expediente de contratación adoptará a forma indicada no apartado 10 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

5.- Prazo de execución e prórrogas

5.15.- O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 5 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais ou o que oferte o contratista, de resultar inferior, iniciándose o seu cómputo ao día seguinte á sinatura do contrato.

5.16.- De establecerse neste apartado a posibilidade de prórroga do contrato por mutuo acordo das partes, esta farase de acordo co establecido no artigo 213.2

do TRLCSP.

6.- Admisión de variantes e melloras

- 6.17.- Segundo se teña previsto expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 4 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais poderán tomarse en consideración as variantes ou melloras que ofrezcan as empresas licitadoras.

7.- Garantía provisional

- 7.18.- En atención ás circunstancias concurrentes, dentro do apartado 20.5 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais determínase a esixencia ou non ás empresas licitadoras de constitución dunha garantía provisional que responda do mantemento das ofertas ata a adxudicación do Contrato segundo se establece no artigo 104 do TRLCSP.
- 7.19.- Para a empresa licitadora que resulte adxudicataria, a garantía provisional responderá tamén do cumprimento das obrigas que lle impón o 2º paragrafo do artigo 151.2 do TRLCSP.
- 7.20.- A garantía provisional poderase prestar en calquera das formas prevista no artigo 96 do TRLCSP.
- 7.21.- O depósito da garantía provisional poderase prestar en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.
- 7.22.- En caso de unións temporais de empresarios, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou por varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se alcance a contía requirida polo órgano de contratación e garanta solidariamente a todos os integrantes da unión temporal.
- 7.23.- A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta ás empresas licitadoras que non resulten a adxudicataria do contrato inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida á empresa licitadora cuxa proposición sexa elixida para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva.
- 7.24.- A empresa adxudicataria poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder á unha nova constitución desta última, en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.
- 7.25.- A garantía provisional será incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

8.- Garantía definitiva

- 8.26.- No caso en que así se especifique dentro do apartado 20.6 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais a empresa que resulte adxudicataria deberá constituír a disposición do órgano de contratación do CIXUG unha garantía dun 5% do

importe de adxudicación, excluído o IVE.

- 8.27.- A empresa adxudicataria está obrigada a constituír a dita garantía definitiva a disposición do CIXUG acreditándose mediante documento orixinal no prazo de quince días hábiles dende a publicación da resolución de adxudicación no perfil de contratante.
- 8.28.- A garantía poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.
- 8.29.- Para a devolución ou aplicación da garantía provisional atenderase ao regulado no artigo 103.5 do RDL 3/2011.
- 8.30.- Cando, a consecuencia da modificación do contrato, este experimente variación o valor, axustarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se autorice a modificación do contrato.
- 8.31.- Tamén no prazo de quince días hábiles contados dende a data na que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda, e incorrerá, no caso contrario, en causa de resolución.
- 8.32.- A garantía constituída, unha vez liquidadas as eventuais responsabilidades con cargo a estas, será devolta de oficio polo CIXUG no prazo dun mes.
- 8.33.- Non obstante, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír garantía, circunstancia que se reflectirá no apartado 20 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais e que se xustificará adecuadamente no expediente.

9.- Gastos contrato, orzamento base licitación, e distribución anualidades

A.- Gastos de Publicidade

- 9.34.- Os gastos de publicidade virán dados polo importe da publicación nos diarios oficiais correspondentes e nos medios de difusión que considere axeitados o Órgano de Contratación do CIXUG. O seu importe dependerá do número de expedientes que se inclúan nestes anuncios e efectuarase a rateo entre os adxudicatarios, sen que poida establecerse a priori a contía total. Non obstante a previsión de custe de todos os anuncios en concepto de publicidade, establécese nun máximo indicado no apartado 20.2 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

B.- Valor estimado e orzamento base de licitación

- 9.35.- O valor estimado do contrato é o establecido no apartado 2.1 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.
- 9.36.- O orzamento máximo de licitación é o fixado no apartado 2.2 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, valor que aparece desglosado co seu IVE correspondente nos apartados 2.3 e 2.4 do devandito anexo.

C.- Sistema de determinación do prezo

9.37.- O prezo de contrato fíxase nun tanto alzado referido ás consultas sobre o prezo de mercado para servizos similares e comprende a totalidade de gastos que teña que afrontar o CIXUG para a realización do traballo obxecto de contratación ata a súa recepción polo mesmo, incluso a parte correspondente aos seus gastos xerais e beneficios, de conformidade co disposto no artigo 302 do TRLCSP.

D.- Distribución en anualidades e lotes

9.38.- No caso de que a execución do contrato abranca máis de un exercicio orzamentario, establécese no apartado 2.5 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais a previsión do detalle do orzamento en anualidades.

9.39.- De se estableceren lotes, o número e orzamento máximo de contratación para cada un deles fíxase no apartado 3 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

9.40.- A formulación da proposición económica terá carácter global, incluírá a totalidade dos factores de valoración e impostos que se deriven do contrato a executar. En relación co imposto sobre o valor engadido (IVE), a oferta do licitador comprende non só o prezo do servizo senón tamén o importe do antedito imposto, que figurará como partida independente, de conformidade co establecido no artigo 88 do TRLCSP.

E.- Crédito orzamentario

9.41.- O CIXUG conta con partida orzamentaria asignada ao proxecto a contratar, habendo sido aprobado no Consello de Goberno do 08 de xullo de 2015, segundo se especifica no apartado 9 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

II. Selección do Contratista

10.- Capacidade do Contratista e prohibición de contratar

A.- Capacidade do Contratista

10.42.- Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en agrupación ou unión temporal, con plena capacidade de obrar, que desenvolvan unha actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, acrediten a súa solvencia económica e técnica como se indica neste prego.

10.43.- Para as unións temporais de empresarios rexerá o disposto no artigo 59 do TRLCSP. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

10.44.- Cando para a realización dunha actividade sexa necesario dispor dunha habilitación especial, segundo o indicado no apartado 20.4 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, deberá acreditarse que o candidato ou o licitador está en posesión desta.

B.- Prohibición de contratar

10.45.- Os licitadores non poderán estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

10.46.- Para acreditar tal circunstancia deberán achegar a correspondente declaración responsable na que o empresario, o seu representante ou apoderado, de ser o caso, deixe constancia deste requisito.

10.47.- Non poderán optar á adxudicación do contrato aquelas persoas naturais ou xurídicas, que foran adxudicatarias dalgún contrato do CIXUG se este se resolver por causa imputable ás mesmas. De presentarse algunha oferta incurso neste suposto, será rexeitada automaticamente polo Órgano de Contratación.

11.- Presentación de Propostas

A.- Documentación a achegar

11.48.- Para tomar parte na contratación será preciso que o licitador achegue a documentación que integra a oferta, dividida en TRES SOBRES sinalados coas letras:

- Sobre A: Documentación Administrativa
- Sobre B: Documentación ponderable en función dun xuízo de valor
- Sobre C: Documentación cuantificable de forma automática

11.49.- A documentación presentarase en sobres independentes. Os sobres presentarase pechados e lacrados, identificados no seu exterior co nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o nome e os apelidos da persoa que asina a proposición e o carácter co que o fai.

11.50.- No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre estea debidamente paxinado.

11.51.- O licitador non poderá incluír no sobre A ningunha documentación ou referencia relativa aos criterios para os que a súa valoración se efectúe coa documentación que se debe recoller no sobre B ou no sobre C, quedando en caso contrario excluído automaticamente da licitación.

- 11.52.- O licitador non poderá incluír no sobre B ningunha documentación ou referencia relativa aos criterios para os que a súa valoración se efectúe coa documentación que se deba recoller no sobre C, quedando en caso contrario excluído automaticamente da licitación
- 11.53.- A presentación de proposicións presume por parte da empresa a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e do de prescricións técnicas, e das obrigas establecidas na regulamentación, acordos, convenios e demais normas aplicables ao caso e a declaración responsable de que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coas administracións públicas.
- 11.54.- Unha vez presentada, a proposición non poderá ser retirada baixo ningún concepto.

B.- Lugar e prazo de presentación das proposicións

- 11.55.- O lugar de presentación das proposicións será o Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, situado na Reitoría (A Maestranza, 15001, A Coruña), no Rexistro Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, situado na Reitoría (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n Santiago de Compostela), no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo (Edificio Xerencia - Servizos Centrais, 36310, Vigo), detallando claramente por fóra do sobre que inclúa os **tres sobres** nas que se detalle a proposta da empresa licitadora ao CIXUG como destinatario e ao nome completo do concurso referido.
- 11.56.- Tamén poderán presentarse nas formas e lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- 11.57.- No caso de que se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación no mesmo día, a remisión da oferta mediante telegrama ou telefax (número 986.813.880). Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.
- 11.58.- Transcorridos, non obstante, dez días dende a data de remate do prazo de presentación de ofertas sen terse recibido a documentación, esta non será admitida.
- 11.59.- Rematado o prazo de admisión de proposicións, os rexistros citados expedirán unha certificación das proposicións recibidas ou da ausencia de licitadores, no seu caso, que, xunto cos sobres será remitida ao Órgano de Contratación.
- 11.60.- Nas unións temporais de empresarios, cada un dos empresarios que a integran acreditará a súa personalidade e capacidade de obrar nos termos establecidos no apartado seguinte.

C.- Contido dos Sobres

- 11.61.- Os distintos sobres a entregar, que estarán necesariamente identificados e

asinados con sinatura lexible, conterán os seguintes documentos:

11.61.1.- Documentación administrativa, “Sobre A”

11.61.1.1. Xerais

- a). Incluíranse os documentos que se indican nesta cláusula, que deberán presentarse mediante orixinais ou copias lexitimadas por notario ou compulsadas polos rexistros xerais anteriormente mencionados, excepto o documento que acredite a constitución da garantía provisional, que deberá ser orixinal.
- b). Declaración xurada segundo o modelo do Anexo III (Declaración responsable) debidamente cuberta e asinada pola persoa representante da empresa licitadora.
- c). Copia compulsada das escrituras de constitución e aquelas outras que se encontren en vigor na actualidade.
- d). Copia compulsada do DNI da persoa representante.
- e). Copia compulsada dos poderes de representación do asinante como persoa autorizada para poder representar á empresa licitadora neste procedemento de contratación.
- f). Declaración xurada segundo o modelo do Anexo IV (Solicitud de participación) debidamente cuberta e asinada pola persoa representante da empresa licitadora.
- g). Para os efectos de notificacións, introducirase en folia independente o número de teléfono, o número de telefax e o enderezo de correo electrónico.
- h). Será causa de rexeitamento automático da oferta presentada, a inclusión da oferta que deba formar parte dos sobres B ou C no sobre de Documentación Administrativa.
- i). Os erros relativos á constitución da fianza provisional fóra do prazo de presentación de proposicións, non serán reparables en ningún caso.
- j). De ser o caso, estean ou non inscritos nun Rexistro de Contratistas, unha declaración relativa á súa pertenza a un mesmo grupo de empresas, entendendo por tal aquel que está conformado por empresas que se atopan nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio.
- k). Eximirase da obriga de presentar a documentación que non sexa específica do contrato que se vai executar a aqueles licitadores cuxa documentación obre xa en poder do CIXUG e manteña a súa vixencia. Neste caso o licitador deberá indicar en que procedemento ou expediente presentou tales documentos.

11.61.1.2. Licitadores inscritos no rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia

- a). Se o licitador está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto cunha declaración responsable na que manifeste que as circunstancias reflectidas non experimentaron variación, deberá presentar a seguinte documentación:
- a.1). O número de inscrición no citado Rexistro, para que a propio CIXUG solicite o correspondente certificado.
 - a.2). Non obstante o CIXUG resérvase a facultade de solicitar este certificado ao licitador, que estará obrigado a presentalo no prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da recepción da correspondente notificación, sendo causa de exclusión a non presentación.
 - a.3). De ser o caso, resgardo acreditativo de ter constituída unha garantía provisional segundo se establece no punto I.7.-
 - a.4). Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica segundo os medios que se indican nos artigos 75 e 78 respectivamente do TRLCSP agás que se esixa clasificación no apartado 14 do Prego de Cláusulas Adm. Xerais ou se indique expresamente nos apartados 15 e 16 respectivamente do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, o medio concreto que deberá xustificala.
 - a.5). De tratarse dunha empresa estranxeira, declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder a cada licitante.
 - a.6). Se están inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro dunha Comunidade Autónoma distinta da de Galicia deberán achegar certificación do órgano encargado daquel e a documentación sinalada nos puntos a.1), a.2), a.5) e a.7) do apartado 11.61.1.3 seguinte, así como unha declaración responsable na que manifesten que as circunstancias reflectidas na dita certificación non experimentaron variación.

11.61.1.3. Licitadores non inscritos nun rexistro de contratistas

- a). Se o licitador non está inscrito en ningún dos rexistros citados deberá presentar a seguinte documentación:
- a.1). A que acredite a personalidade xurídica e capacidade de obrar dos licitadores e, no seu caso, a súa representación, que de conformidade e co disposto nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e nas disposicións regulamentarias aplicables, acreditarase do seguinte modo:

- a.1.i) Os empresarios que fosen persoas xurídicas, mediante a escritura de constitución e, no seu caso, de modificación, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible á lexislación mercantil que lles sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Público, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- a.1.ii) Os empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberán acreditar a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dun certificado, nos termos previstos nas disposicións regulamentarias aplicables.
- a.1.iii) Os empresarios estranxeiros non comunitarios, deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe da Misión Diplomática Permanente española no estado respectivo ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 55 do TRLCSP, deberán xustificar, a través dun documento expedido pola mencionada Misión Diplomática, que o estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na súa contratación pública; se ben, nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase deste informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados asinantes do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.
- a.1.iv) As empresas estranxeiras presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán ou ao galego.
- a.2). Documentos acreditativos de identificación ou apoderamento:**
- a.2.i) Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación da fotocopia legalizada ou compulsada do seu Documento Nacional de Identidade ou do que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.
- a.2.ii) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou dunha persoa xurídica, acreditarán a súa representación mediante poder para o efecto, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil. Achegarán unha fotocopia legalizada ou compulsada do seu Documento Nacional de Identidade ou do que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.
- a.3).** Salvo que se esixa clasificación, a solvencia económica e financeira do licitador, que de conformidade co disposto no artigo 75 do TRLCSP se acreditará mediante a presentación dunha declaración responsable do representante da empresa, na que se indique o volume global de negocios, e no seu caso, o volume de negocios no ámbito das actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres

últimos exercicios económicos en función da data de creación ou inicio das actividades empresariais.

- a.4). Agás que se esixa clasificación, a solvencia técnica do licitador acreditarase por algún dos medios que se indican no artigo 78 do TRLCSP, salvo que se esixa clasificación ou se indique expresamente no apartado 16 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, o medio concreto que deberá xustificala.
- a.5). Declaración responsable do licitador de no estar incurso el ou, no seu caso, a entidade á que representa nas prohibicións para contratar que se expresan no artigo 60 do TRLCSP.
- a.5.i) Así mesmo, esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse antes da adxudicación definitiva do contrato.
- a.6). No suposto de concorrer en Unión Temporal de Empresarios, ademais da documentación esixida nos apartados anteriores que acreditará cada unha das persoas que concorran en UTE, deberán achegar un documento privado de constitución temporal da UTE, sen que sexa necesaria a formalización dela en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor. O referido documento deberá conter todas as esixencias e requisitos que se contemplan no artigo 48 da Lei de contratos do sector público e nas disposicións regulamentarias aplicables.
- a.7). De ser o caso, resgardo acreditativo de ter constituída unha garantía provisional segundo se establece no punto I.7.-
- a.8). Sometemento das empresas estranxeiras á xurisdición dos xulgados e tribunais españois. As empresas estranxeiras que concorran á licitación deberán presentar unha declaración na que expresen que se someten á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.
- a.8.i) Así mesmo, a Mesa de Contratación, previa comprobación da documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional presentada polos licitadores, mediante acordo motivado, poderá excluír da licitación aquelas empresas que non acrediten suficiente experiencia para levar a cabo, coas debidas garantías, a execución do contrato.

11.61.2.- Documentación ponderable en función dun xuízo de valor, "Sobre B"

- a). O sobre B deberá conter a documentación técnica que se solicite no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no de cláusulas administrativas

particulares, ademais da que será cualificada mediante un xuízo de valor de acordo co que se establece no apartado 11.2 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais deste prego.

- b). A referida documentación, no seu caso, será parte integrante do contrato e obrigará ao contratista ao seu cumprimento.
- c). No caso de que se estableza, axustará o seu contido e formalización ao modelo de oferta técnica que se achegue co presente prego.
- d). No seu caso, de acordo co previsto no artigo 150.2 do TRLCSP e no artigo 25 do Real decreto 817/2009 de 8 de maio, no apartado 11.3 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais indicárase o servizo técnico especializado ou a composición do comité de expertos que cualificará esta documentación.
- e). Será causa de rexeitamento automático da oferta presentada, a inclusión da oferta que deba formar parte do sobre C no sobre B.

11.61.3.- Documentación cuantificable de forma automática, “Sobre C”

- 
- a). O “Sobre C” deberá conter a documentación que se deba cualificar de forma automática mediante fórmulas ou similares seguindo o establecido no apartado 11.1 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, fundamentalmente, o prazo de execución ou de duración e a oferta económica do licitador, que deberá axustarse ao modelo establecido neste prego e que se achega como Anexo V.
 - b). Os prezos ofertados indicáranse en euros. Estarán incluídos todos os custos que sexa necesario realizar para a prestación do obxecto do contrato. En todo caso indicárase como partida independente o IVE que deba soportar o CIXUG.
 - c). As ofertas que excedan do prezo máximo de licitación ou do prazo de entrega fixado polo órgano de contratación ou sexan incorrectamente formuladas, serán rexeitadas e os licitadores que as presenten excluídos automaticamente da licitación.
 - d). Cada contratista presentará unha soa oferta, sen prexuízo de que se admita, dentro dela a presentación de variantes, o que se indicará no apartado 4 do Prego de Cláusulas Adm. Xerais. Así mesmo, o contratista non poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura noutra agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.
 - e). Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou borróns que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

D.- Apertura da documentación e das proposicións

11.62.- Para a apertura da documentación administrativa e das proposicións será

necesaria a intervención da Mesa de Contratación prevista na cláusula 13.- (Mesa de Contratación), deste prego.

- 11.63.-** De cada sesión, o secretario da Mesa de Contratación redactará unha acta, na que se recollerán as actuacións realizadas e o desenvolvemento da sesión. A acta será asinada polos compoñentes presentes da Mesa.
- 11.64.-** As propostas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

11.64.1.- Sobre A

- a). A Mesa de Contratación cualificará a documentación das empresas, para o que abrirá os sobres de documentación administrativa ("Sobre A") presentados polos licitadores e recibidos dentro do prazo, examinará os datos externos e o seu contido, e deixará constancia do seu criterio respecto dos que deban ser admitidos ou excluídos en virtude das cláusulas deste prego de condicións e das normas legais de aplicación.
- b). A omisión ou defecto formal dos documentos sinalados nesta cláusula poderá dar lugar ao rexeitamento da oferta.
- c). Non obstante, se o estima pertinente, a Mesa de Contratación poderá conceder un prazo non superior a tres días hábiles, contados desde o día seguinte ao da comunicación mediante telefax ou correo electrónico, para que o licitador repare o erro cometido. De non presentar a documentación requirida neste prazo, quedará automaticamente excluído. Este prazo non se concederá cando se trate de omisións absolutas da documentación referida.

11.64.2.- Sobre B

- a). A documentación das empresas que fosen admitidas á licitación por ter toda a súa documentación presentada correctamente, abrirase o día e hora que se sinalará no anuncio de licitación.
- b). O comité de expertos ou o organismo técnico especializado, ou quen designe o órgano de contratación, segundo proceda, disporá dun prazo máximo de quince días naturais desde a apertura da documentación do sobre B para a cualificación da documentación ponderable en función dun xuízo de valor.
- c). Detalle do equipo humano suficiente para atender o proxecto (segundo establece o artigo 64 do RDL 3/2011)

11.64.3.- Sobre C

- a). A apertura da documentación do "Sobre C" realizarase nun acto público que terá lugar o día e hora que se sinale no anuncio de licitación, que non poderá superar o prazo dun mes desde a data de finalización do prazo de presentación de ofertas.

- b). Lerase en voz alta o importe de cada proposición económica e os demais criterios avaliados de forma automática.
- c). De ser o caso, previamente a esta apertura, darase conta das cualificacións outorgadas ás proposicións cualificadas relativas aos criterios ponderables en función dun xuízo de valor.
- d). Para a cualificación destas propostas dispórase dun prazo máximo de 15 días naturais desde a apertura do "Sobre C".

III. Actuacións previas á adxudicación

12.- Criterios de adxudicación

- 12.65.- Os criterios para a cualificación do expediente indicaranse no apartado 11 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.
- 12.66.- Os licitadores deberán acreditar a situación das súas ofertas respecto de cada criterio polos medios que para cada caso indique o órgano de contratación, para os efectos de asignarlle a puntuación resultante.
- 12.67.- Se os criterios avaliados de forma automática supoñen unha porcentaxe inferior ao 50%, para a valoración acudírase a un comité de expertos formado por un mínimo de 3 membros ou a un organismo técnico especializado que se especificará no apartado 11.3 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.
- 12.68.- Nos restantes casos, as ofertas serán cualificadas polo responsable do contrato, ou no seu caso, por quen determine o órgano de contratación.
- 12.69.- Os eventuais empates resolveranse en primeiro lugar a favor da mellor oferta económica das incursas en igualdade de puntuación. De persistir o empate, aplicaranse por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada no procedemento os criterios de valoración establecidos nel.
- 12.70.- En caso de empate, e tal e como establece a Disposición adicional cuarta do RD-Legislativo 3/2011, utilizarase como criterio adicional aos previstos no apartado 11 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais a preferencia na adxudicación do contrato para a proposición presentada por aquela empresa pública ou privada que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teña na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que a dita proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que sirva de base para a adxudicación. Igualmente, poderá establecerse a preferencia na adxudicación do contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, para as proposicións presentadas polas empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, de 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requirimentos establecidos na dita normativa para tener esta consideración.

13.- Mesa de Contratación

- 13.71.-** Conforme ao reflectido no artigo 24 dos vixentes estatutos do CIXUG, o órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación dos contratos non delegados estipulados no artigo 23 dos referidos estatutos, dunha Mesa de Contratación.
- 13.72.-** A Mesa poderá estar asistida polo persoal técnico que se considere necesario (artigos 25 e seguintes do RD 817/2009), que informará sobre as cuestións das súas respectivas competencias, a requirimento de aquelas ou por propia iniciativa, pero sen dereito de voto.
- 13.73.-** Os membros da Mesa serán nomeados polo órgano de contratación de acordo co establecido no artigo 320 do TRLCSP. Agás acordo do Consello de Goberno expreso, serán membros da Mesa:
- a). Presidencia: Presidente do Consorcio, ou persoa en quen delegue.
 - b). Interventor: Xefe do Servizo de Xestión Económica da UDC ou persoa en quen delegue.
 - c). Asesor Xurídico: Secretario do Consorcio ou persoa en quen delegue.
 - d). Secretario: Xerente do Consorcio ou persoa en quen delegue.
 - e). Vogal: Director TIC da UDC ou persoa en quen delegue.
 - f). Vogal: Director TIC da USC ou persoa en quen delegue.
 - g). Vogal: Director TIC da UVI ou persoa en quen delegue.
 - h). Vogal: Secretario Técnico do Consorcio.
- 13.74.-** O presidente da Mesa poderá acordar a asistencia á mesma do persoal técnico e/ou administrativo necesario para o desenvolvemento das súas funcións sen que este teña carácter de membro.

14.- Ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas

- 14.75.-** Se o único criterio a valorar de forma obxectiva é o prezo, rexerá o que se determine regulamentariamente.
- 14.76.-** Se existe máis dun criterio de valoración, de non especificarse outro criterio no apartado 11 do do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais considerarase como desproporcionada ou anormalmente baixa toda proposición na que a porcentaxe exceda en 10 unidades, polo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas, sen prexuízo da facultade do órgano de contratación de apreciar, tralos informes axeitados e a audiencia dos interesados, como susceptibles de cumprimento normal as respectivas proposicións.

14.77.- Neste caso, tal como establece o artigo 152.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Mesa de Contratación daralle audiencia aos licitadores que presenten unha proposición que poida ser cualificada como anormal ou desproporcionada de acordo coas condicións establecidas no artigo 152 puntos 1 e 2 do TRLCSP e propoñerá ao órgano de contratación, á vista do resultado, a aceptación ou rexeitamento da oferta.

15.- Renuncia ou desistimento

15.78.- De renunciar ao contrato, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, antes da adxudicación provisional, compensaráselles aos candidatos polos gastos en que incorresen, debidamente xustificadas, ata un máximo do vinte por cento do orzamento máximo de licitación.

15.79.- Cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación, órgano de contratación, antes da adxudicación provisional, poderá desistir do contrato, compensando os candidatos polos gastos en que incorresen, debidamente xustificadas, ata un máximo do vinte por cento do orzamento máximo de licitación.

IV. Adxudicación dos contratos e formalización

16.- Formalización do contrato

A.- Adxudicación

16.80.- O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no apartado 11 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, ou declarar deserta a contratación, motivando en todo caso a súa decisión.

16.81.- A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se lles notificará aos candidatos e se publicará no perfil de contratante do órgano de contratación e no diario oficial pertinente cando corresponda facelo en función da contía.

16.82.- Se os interesados o solicitan, poderá facilitárselles a información dos motivos polos que a súa proposición non foi aceptada ou de cales foron os motivos determinantes da adxudicación ao licitador proposto. O prazo para responder esta solicitude será de quince días.

16.83.- O prazo para a adxudicación será de dous meses, salvo que se indique outro no apartado 20.8 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, que se contará dende a apertura das proposicións. De non adxudicarse no antedito prazo, o empresario ten dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva a

garantía depositada.

B.- Formalización do contrato

- 16.84.- O adxudicatario deberá formalizar o contrato no prazo máximo de diez días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da recepción da notificación definitiva.
- 16.85.- Cando por causa imputable ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, o CIXUG poderá acordar a resolución deste, tras a audiencia do interesado. Neste caso o CIXUG poderá, así mesmo, incautar a garantía provisional que, de ser o caso, se constituíse.
- 16.86.- Se as causas da non formalización fosen imputables ao CIXUG, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar, con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato ao abeiro da letra e) do artigo 223 do TRLCSP.
- 16.87.- O contratista poderá solicitar que o contrato se formalice a escritura pública, correndo pola súa conta os correspondentes gastos.
- 16.88.- Conforme ao establecido no artigo 156 do TRLCSP, non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa formalización previa, excepto nos casos establecidos no artigo 113 do TRLCSP.
- 16.89.- Ademais do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas, terán carácter contractual todos os documentos que definan o obxecto do contrato. En consecuencia, os anteditos documentos deberán ser asinados polo adxudicatario, como proba de conformidade, no acto de formalización do contrato.

C.- Documentación a presentar polo adxudicatario

- 16.90.- Para proceder á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:
- a). A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, agás que estea inscrito nos Rexistros indicados na cláusula 11.61.1.2 (Licitadores inscritos no rexistro xeral de contratistas).
 - b). De ser requirido, documento acreditativo da constitución, á disposición do órgano de contratación, da garantía definitiva segundo se establece no apartado I.8.- do presente prego de prescricións administrativas.
 - c). Documento acreditativo, de ser o caso, do pagamento dos gastos de publicación do anuncio de contratación, agás que o CIXUG conceda outro prazo maior, o que se lle comunicará oportunamente.
 - d). De ser requirido, documento acreditativo da adscrición dos medios persoais e/ou materiais especificados no apartado 18 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais para a realización do contrato conforme ao anexo VI

(Compromiso de adscrición de medios persoais e materiais) anexo a este prego.

- e). Copia compulsada da escritura pública de constitución de Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no Rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivera tal condición.
- f). Declaración responsable da efectiva disposición dos medios que se comprometeran a dedicar ou adscribir á execución do contrato. Esta é unha das obrigas esenciais do contrato.

16.91.- De non presentar a documentación sinalada en forma e prazo, a empresa que resultara adxudicataria quedará excluída e o CIXUG poderá efectuar unha nova adxudicación de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, con incautación da garantía depositada no caso de se esixir a súa constitución, de acordo co establecido no artigo 103 do citado TRLCSP.

V. Execución do contrato

17.- Execución, modificación e revisión de prezos no contrato

A.- Execución

- 17.92.-** O contrato executarase a risco e ventura do contratista e será á custa súa a indemnización polos danos que se lle causen tanto ao CIXUG como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a prestación do servizo, agás cando tales prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do CIXUG.
- 17.93.-** O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida.
- 17.94.-** O adxudicatario quedará obrigado ao cumprimento das disposicións en materia laboral e de Seguridade Social e saúde laboral vixentes durante a execución do contrato, así como a normativa de Prevención de Riscos Laborais.
- 17.95.-** Co fin de asegurar o cumprimento das obrigas derivadas da execución do contrato, o CIXUG poderá exercer a facultade de dirección e inspección, tras a comunicación e identificación ante o contratista polos servizos técnicos propios do CIXUG ou os expresamente concertados ao efecto. O CIXUG poderá ditar tantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.
- 17.96.-** Cando o adxudicatario, ou persoas do dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá esixirlle a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.
- 17.97.-** A empresa adxudicataria responderá das deterioracións e perdas que, a causa da súa actuación, se poidan producir no mobiliario, material, instalacións ou edificios; estará ao seu cargo o arranxo e satisfará as indemnizacións

precedentes.

- 17.98.-** Os elementos que constitúan o equipo técnico da empresa contratista poderán ser examinados polas unidades técnico-facultativas designadas polo CIXUG ou pola unidade administrativa responsable da inspección do servizo contratado, que poderá rexeitar calquera elemento que considere inadecuado para o servizo a realizar, debendo, en tal caso, o contratista substituír os elementos inadecuados nun prazo non superior a 72 horas.
- 17.99.-** O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá o contratista da obriga do seu cumprimento.
- 17.100.-** O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, que terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto deles.
- 17.101.-** En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre o CIXUG e o contratista.
- 17.102.-** Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do contrato como persoal do CIXUG.
- 17.103.-** O licitador deberá comprometerse a dedicarlle á execución do contrato os medios persoais e/ou materiais suficientes para realizalo segundo o especificado no apartado 18 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, indicándoo na súa proposición, compromiso que formará parte do contrato, atribuíndolle o carácter de obriga esencial aos efectos do artigo 223 letra f) do TRLCSP, e establecendo as penalidades indicadas no apartado 13 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, conforme o sinalado no artigo 212.1 do TRLCSP.
- 17.104.-** No apartado 20.9 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais poderán incluírse outras obrigas contractuais a estes efectos, como por exemplo algunha condición especial de execución á que fai referencia o artigo 118 do TRLCSP. No caso de impoñerense penalidades especiais para o incumprimento destas obrigacións, indicaranse no apartado 13 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.
- 17.105.-** De non indicarse outra cousa no apartado 20.10 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, toda a documentación que resulte da realización do obxecto do contrato, deberá entregarse en lingua galega ademais de en lingua castelá.

B.- Cesión e subcontratación

- 17.106.-** No caso de cesión do contrato, deberanse seguir as prescricións contidas no artigo 226 do TRLCSP e deberá ser autorizada expresamente polo órgano de contratación con carácter previo á cesión.
- 17.107.-** Co obxecto de obter a previa autorización de cesión, o cedente deberá dirixir a súa solicitude acompañada da acreditación da personalidade, capacidade e

clasificación ou solvencia do cesionario proposto e do persoal que se responsabilizará da execución do contrato cedido. Este persoal debe reunir como mínimo as características que serviron de base para a adxudicación do contrato.

- 17.108.- A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. O pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ao que dispón o artigo 228 do TRLCSP.

C.- Modificación do contrato

- 17.109.- O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar os contratos por razóns de interese público de acordo co que dispoñen os artigos 105, 106 e 107 do TRLCSP.

- 17.110.- De acordo co artigo 108 do TRLCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista. Estes acordos serán adoptados previo informe do servizo xurídico do CIXUG, excepto no caso en que a modificación non supere o importe para a aplicación do procedemento negociado previsto no TRLCSP para cada tipo de contrato, en que se procederá a realizar a modificación sen necesidade de informe do servizo xurídico do CIXUG. En calquera caso, procederase ao axuste da garantía definitiva.

- 17.111.- As modificacións do contrato deberán formalizarse de acordo co disposto no artigo 156 do TRLCSP.

D.- Revisión de prezos

- 17.112.- A este contrato aplicaráselle o que dispoñen os artigos 89 a 94 do TRLCSP e o que establecen os artigos concordantes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (BOE de 26 de outubro).

- 17.113.- Cando a revisión non proceda de acordo coa resolución motivada que figure no expediente de contratación, farase constar así no apartado 6 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

- 17.114.- No caso de existir posibilidade de prórroga segundo o especificado no apartado 5.2 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, a contía do contrato será actualizada en función do índice ou fórmula que se establecerá no apartado 6 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

E.- Recepción do obxecto do contrato

- 17.115.- A recepción realizarase de conformidade co que dispón o artigo 222 do TRLCSP.

F.- Pago do prezo

- 17.116.- Atendendo ao establecido no artigo 216 do TRLCSP, no apartado 21 do Prego de Cláusulas Adm. Xerais determinarase a forma de abono do prezo pola realización do contrato.
- 17.117.- En calquera caso, o CIXUG terá a obriga de aboar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de expedición das certificacións ou actas de aprobación que acrediten a realización parcial ou total, no caso de que se esixa un acto formal de recepción no referido apartado 21 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.

G.- Prazo de garantía da prestación contratada

- 17.118.- O prazo de garantía mínimo para os traballos obxecto do contrato será o establecido no apartado 8 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais, ou aquel que oferte o licitador na súa proposta se fose superior a este, e computarase a partir da data de subscrición do acta de recepción dos traballos, sen prexuízo do disposto no artigo 235 e seguintes da TRLCSP cando sexan proxectos de obras.

VI. Resolución do contrato e penalidades

18.- Resolución do contrato

A.- Resolución

- 18.119.- A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan no artigo 223 do TRLCSP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se lle garante a audiencia a este e cos efectos previstos no artigo 224 do TRLCSP e 109 a 113 do RXLCAP.

B.- Penalidades

- 18.120.- O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato nos termos previstos no artigo 212.2 do TRLCSP dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.
- 18.121.- Se a execución non se axustase ao previsto no contrato, o CIXUG poderá rexeitar a prestación contratada, quedando exenta do pagamento do prezo ou recuperando o prezo satisfeito, de ser o caso.
- 18.122.- Se o contratista incumprise calquera dos prazos anteditos, por causa a el imputable, o CIXUG poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas que terán a contía determinada no artigo 212 do TRLCSP.
- 18.123.- Para o caso de incumprimento por defectos na facturación, as penalidades establécense no apartado 13 do Anexo ao Prego de Cláusulas Adm. Xerais.
- 18.124.- O importe das penalidades farase efectivo conforme o que establece o artigo 99

do RGLCAP .

18.125.- En calquera caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte do CIXUG.

18.126.- Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, rexerá o disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

19.- Información confidencial facilitada ao contratista

19.127.- O adxudicatario está obrigado a gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes aos que teña acceso que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou aos que teña acceso con ocasión da execución do contrato.

VII. Réxime xurídico e recurso especial en materia de contratación

20.- Réxime xurídico

20.128.- O contrato rexerase polas cláusulas do prego de prescricións técnicas, polas deste prego, e, no non establecido nelas, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), polo Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, polas demais normas que a desenvolvan e polas disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación; e en canto non se atope derogado polo TRLCSP, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polos Estatutos do CIXUG aprobados polo Decreto 20/2004, do 22 de xaneiro e pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídica das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

20.129.- Este contrato, no caso de financiarse con Fondos europeos, deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude deste e será coherente coas actividades políticas e prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sustentable e mellora do medio, deberá promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

21.- Recurso especial en materia de contratación

21.130.- Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, rexerá o previsto no artigo

40 do TRLCSP para o recurso especial en materia de contratación.

VIII. Prerrogativas e xurisdición competente

22.- Prerrogativas

- 22.131.-** O órgano de contratación do CIXUG posúe a prerrogativa de interpretar o contrato obxecto deste prego e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución, e determinar os seus efectos, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.
- 22.132.-** Poderá así mesmo dirixirle instrucións á empresa adxudicataria, sempre que non supoñan modificacións das prestacións autorizadas, nin se opoñan ás disposicións en vigor, ás cláusulas deste prego e do prego de prescricións técnicas e demais documentos contractuais.
- 22.133.-** As resolucións que dite o órgano de contratación do CIXUG, tras o informe da Asesoría Xurídica, no eventual exercicio das anteditas prerrogativas, serán inmediatamente executivas.

23.- Xurisdición competente

- 23.134.-** As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato administrativo serán resoltas polo Presidente do CIXUG; as súas resolucións poñeránlle fin á vía administrativa, e contra elas poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ante o órgano que o ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

De conformidade co establecido o Presidente do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria, en representación do Consello de Goberno, acorda aprobar o presente prego de prescricións administrativas particulares

Asinado: O Presidente do Consorcio

D. Salustiano Mato de la Iglesia

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'S. Mato de la Iglesia', written over the printed name.

En Santiago de Compostela, a 20 de xullo de 2015